

Circuíto ADAN de Natación

Tempada 2018 – 2019

1.- Organización, datas e sedes

1.1.- O Circuíto ADAN celebrarase en tres xornadas de carácter rexional. A Organización correrá a cargo de ADAN (Asociación Deportiva Amigos da Natación) e o clube organizador de cada xornada.

1.2.- Cada xornada levarase a cabo nunha sesión, que comezará entre ás 17:00h e as 17:30h (decide o organizador local de cada xornada) se celebra pola tarde, e previo aviso se desenvolve pola mañá.

1.3.- Polo menos unha hora e media antes do inicio de cada sesión, a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para efectuaredes o quecemento.

1.4.- Datas e sedes:

Xornada	Data	Sede	Organiza
1	01/12/2018	Piscina San Amaro	Club del Mar
2	16/03/2019	Bergantiños - Carballo	AD Fogar
3	25/05/2019	Bergantiños - Carballo	AD Fogar

1.5.- A competición poderá celebrarase en piscinas de 25 ou 50 metros.

2.-Programa de probas (Consultar na web do circuíto)

3.- Participación

3.1.- O presente regulamento está destinado ás seguintes categorías:

- Absoluta feminina*
- Absoluta masculina*

* Os nadadores infantís e menores (nadas o ano 2005 e posteriores e nados o ano 2004 e posteriores) só poderán participar nunha única xornada do circuíto, e nun máximo de dous por clube.

3.2.- Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais en cada xornada.

3.3.- Cada clube poderá inscribir o número de nadadores que desexe en cada proba pero solicítase o máximo reparto nas programa de probas de cada xornada e con preferencia dos que menos compiten habitualmente.

4.- Inscripcións

4.1.- Realizaranse a través do programa Xesde ou SDP como en outros torneos. O modelo pode descargarse desde a web da FEGAN:

<http://www.fegan.org/mp/default/post/34>



As inscricións, xunto co informe de inscritos que xera o aplicativo de inscricións serán remitidas á Secretaría do circuíto ó correo electrónico info@asociacionadan.org e ao clube organizador de cada xornada.

4.2.- As inscricións deberán facerse antes das 20:00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

5.- Fórmula de competición

5.1.- Todas as probas serán disputadas contra o reloxo.

5.2.- A puntuación nas probas individuais será segundo os puntos da táboa FINA.

5.3.- Non se establecen premios individuais, aínda que a organización se reserva a posibilidade de mencións ou recoñecementos particulares durante a celebración das xornadas.

5.4.- O presente torneo ten o obxectivo claro de ofrecer os participantes acadar tempos e seguir vinculados coa natación a través da participación en probas.

6.- Resultados e clasificacións

6.1.- Os resultados unificados serán publicados na web de ADAN e nas do club organizador, quedando a publicación na páxina da FEGAN pendente da aprobación por esta, para o cal os clubes organizadores deberán remitir os resultados de cada sede á FEGAN e ADAN o máis axiña posible, como máximo deberán estar na federación o martes seguinte á celebración da competición.

6.2.- Os resultados de cada sede remitiranse á FEGAN e ADAN a traveso do correo electrónico resultados@fegan.org e info@asociacionadan.org así como tamén ao correspondente correo electrónico de cada un dos clubes participantes.

6.3.- Publicaranse os resultados individuais sen clasificacións de equipos ou de outro tipo.

7.- Títulos e premios

7.1.- Queda reservada a opción do organizador a conceder mencións ou premios individuais ou colectivos por criterios deportivos ou de méritos durante o longo da competición que se desvelarán no seu momento.

8.- Reclamacións

Precisamente polo seu carácter e a falta de premios finais presupón a falta de reclamacións finais, quedando só a Xunta de ADAN e do club organizador, a recepción de reclamacións dos equipos participantes.

A Coruña, novembro de 2018.

Dirección de ADAN